

# Betanzos

## Xogos Florais

XOSÉ NEIRA VILAS\*

Sr. Manuel Lagares,  
Alcalde-Presidente do  
Excmo. Concello de Betanzos.  
Señores Concelleiros e  
demais autoridades.  
Raíña e damas do seu cortexo.  
Queridos amigos todos:

Diante de nada quero expresar a miña gratitude ás autoridades deste Concello e ó pobo betanceiro por terme invitado para ser o mantedor dos Xogos Florais de 1993; por terme chamado para tomar parte nesta festa da Poesía. Festa da palabra. Festa da lingua viva do noso pobo. Festa do espírito.

Baixo do influxo da renacementa da poesía provenzal, celebráronse en 1859 os Xogos Florais da lingua catalana. Dous anos despois, en 1861, leváronse a cabo os Xogos Florais da Coruña, os primeiros que se celebraron en Galicia, por iniciativa do escritor Benito Vicetto e de Juana de Vega. Patrocinou ese evento o filántropo Pascual López Cortón, quen tamén editou un volume de case cincocentas páxinas no que aparecen, co título de *Album de la Caridad*, as poesías, en galego e en castelán, que se presentaron no certame. Ese "Album" constitúe a antoloxía

máis antiga da nosa poesía, e nel figuran nomes tan significativos como os de **Rosalía de Castro** e **Eduardo Pondal**. Nesa antoloxía remata o período chamado dos primeiros precursores, e xa aparecen corenta poetas en lingua galega.

Trinta anos despois, en 1891, celebráronse os Xogos Florais de Tui, que tiveron a singularidade de que todos os traballos presentados, respondendo á base da convocatoria, estaban escritos en lingua galega. No certame tomaron parte figuras cumes da nosa cultura como o foron **Manuel Murguía**, **Alfredo Brañas** e **Manuel Lago González**. (Recentemente conmemoráronse os 102 anos daquel evento coa celebración dos II Xogos Florais tudenses).

E velaquí que segundo noticias que temos -inda que algo imprecisas- nese mesmo ano de 1891 celebráronse os primeiros Xogos Florais de Betanzos. Se foron realmente os primeiros nese ano temos que considerar como antecedente ou "prehistoria" dos mesmos os que en 1886 organizou o semanario local *Las Mariñas*, e que se repetirían o ano seguinte. Un cronista reseña que "tiñan un certo matiz rexionalista, aínda que se quedaban nuns actos

\*Xosé Neira Vilas, escritor e xornalista, é autor de novelas e libros de contos como *Memorias dun neno labrego*, *Camiño bretemoso*, *Xente no rodicio*, *Remuíño de sombras*, *A muller de ferro*, *Aqueles anos do Moncho*, *Historias de emigrantes*, *Tempo novo*, *Querido Tomás*. Tamén publicou poesía, narrativa para nenos, libros de lembranzas (*Lar, Nai, Pan*), e obras de investigación: *Castelao en Cuba*, *A prensa galega de Cuba*, *Galegos no golfo de México*, *Gerrilleiros* e *Rosalía de Castro e Cuba*. Viviu máis de 40 anos en América, onde levou a cabo unha labourea constante de exaltación de Galicia e difusión dos valores da nosa cultura.

para unha élite e sen ningunha proxección popular".

Os Xogos Florais betanceiros realmente transcendentales foron os de 1918. Dous anos antes constituíranse as Irmandades da Fala que contaron de seguida cunha dinámica organización en Betanzos, creada por iniciativa de **Francisco Vales Villamarín**. Fixo o discurso, como mantedor, **Vazquez de Mella**. A presidencia do tribunal foille encomendada a Don Manuel Murguía. Foi un acto moi solemne. Os premios entregáronse no teatro Alfonso. Acompañaron ás autoridades locais o marqués de Figueroa e o alcalde da Coruña, e a Raíña e as súas damas vestían o traxe típico galego. E rematouse coa interpretación do Himno Galego pola Banda Municipal e cantado pola maioría dos presentes. (O Himno fora tocado e cantado por primeira vez na Habana só dez anos antes). Xa nesa ocasión os Xogos van coincidir cos festexos de San Roque. Algúns dos premiados foron **Uxío Carré Aldao**, **Lois Peña Novo** e **Angel del Castillo**.

Outros sonados Xogos Florais de Betanzos foron os de 1946. Foi o seu mantedor **Juan Contreras y López de Ayala**. Sería desexable que fose un galego e que o discurso estivese escrito na nosa lingua, pero non aconteceu así. Transcurrían tempos de prohibicións e de censuras. Non era posible pedir moito máis. Foi un discurso moi retórico, mais con expresións de achegamento a Galicia. Nesa ocasión foille concedido o Premio de Honor e Flor Natural ó gran poeta lugués **Xosé María Díaz Castro**, o autor de "Nimbos", un dos máis fermosos libros da poesía galega contemporánea, no que se dí:

*Un paso adiante , i outro atrás, Galiza,  
i a tea dos teus soños non se move,  
a esperanza nos teus ollos se espreguiza.  
Aran os bois, e chove.*

A noble cidade de Betanzos garnida de títulos, ategada de historia, poboada de lendas e tradicións é unha mostra rotunda, un exemplo claro da transcendencia cultural de Galicia. Aquí danse a man a vella heráldica e a loita dos nosos tempos polo progreso social; conflúen as sombras do pasado e as pedras traballadas, estáticas, e o rumbo da emigración que dará ós betanceiros como a moitos outros galegos unha nova dimensión do mundo.

Pobo de artistas, pobo de labregos e mariñeiros, pobo que agarima con lecer a súa identidade, que rende homenaxe ós seus antepasados, que ama o seu patrimonio e que vai cada día na procura do seu destino. Betanzos é coma un latexo no corazón das Mariñas, e a súa vida decorre polas arterias do Mendo e do Mandeo. "Un paraíso de flores e frutos" como dixeira **Del Hoyo** nos seus "Memoriales". Betanzos foi louvado por **Emilia Pardo Bazán**, **Sofía Casanova**, **Pérez Lugín** e moitos outros. "Betanzos dos cabaleiros e das donas", cantou o poeta **Manuel María**.

No "Portus Brigantium Flavium" dos romanos cada casa, cada volta de camiño ou de acera, cada pedra, son testemuñas dun pasado noble, de aconteceres significativos. E a poesía atópase sempre no centro dese devir. Sobrelevou invasións e conquistas. Por aquí pasaron normandos, suevos, celtas, romanos, árabes... Xa era unha "villa marítima próspera y muy nombrada", cando **Enrique IV** lle concedeu o título de cidade. Foi unha das sete grandes cidades do reino de Galicia, unha das sete provincias.

Nas rúas de Betanzos poida que inda camiñen as sombras de moitos daqueles nobles betanceiros, con **Fernán Pérez de Andrade o Bo** á cabeza, escoltado por **Arias Pardo das Mariñas**, **Enrique Castro**, e outros. Cada noite darán fin ó seu percorrido no mosteiro de San Francisco.

Cóntase que nos tempos dos califas, Betanzos debía entregar un grupo de cen doncelas cristianas cautivas ós axentes do gran mouro. E a tan inxusta práctica opuxéronse os irmáns Figueroa e gañaron a batalla. Ían armados con ponlas de figueira eles e os seus acompañantes e seguidores. Por eso di un antigo romance: "No figueiral entrei, no figueiral entrei".

Mitos, lendas e tradicións conforman o espírito betanceiro. A alma dun pobo a un tempo baril e soñador, que vive o seu hoxe e enfia cara o porvir.

Todo elo xustifica amplamente que aquí se veñan celebrando estas festas da poesía, estes Xogos Florais que son un fermoso xogo lírico, un exercicio elevado da palabra.

A palabra, que o mesmo sirve para alaudar que para ofender; o mesmo val para decir a verdade que para arredarse dela. A palabra do que clama xusticia, do que pide ou suprica, a do que dá ordes ou emite dictámens, a que absolve ou condeia; a palabra que agarima e a que aldraxa; a palabra que canta e a palabra que se laia. A palabra do neno que comenza a falar, a do vello que recorda o tempo ido, a do mozo que expresa o seu amor e a da mociña namorada. O ser humano é palabra, comunicación, voz.

A palabra acada o máis alto nivel creador cando se fai poesía. A poesía é a máxima creación do home fundada na palabra. Pola poesía lírica entra Galicia no mundo da cultura. A poesía galega máis antiga ven ser a primeira expresión culta do ser diferenciado do noso país. Os pobos cantaron sempre. Cantaron ó son dos máis duros trafegos. E cantaron nos intres de apouso. Existe en Galicia unha antiquísima tradición poética que cruzou ó longo de moitas xeneracións.

A partir da renacemento da poesía na Provenza, na Cataluña e nalgúns pobos de Italia, xurde tamén a expresión poética escrita na lingua galaico-portuguesa. O

galego foi entón o instrumento lírico de case toda a Península.

Ten a poesía medieval galega uns altos valores, mesmo no terreo amatorio que no satírico ou de escarnio e maldicer. E nesta lingua escribiu o rei **Alfonso X**, O Rei Sabio, as súas Cantigas a la Virxe. Moita daquela poesía tiña acoplada música, é dicir, a poesía tornábase canción.

Virán máis tarde os "séculos escuros", o silencio de troveiros e xograres. Noustante o pobo sigue utilizando a súa lingua, sigue creando e cantando. E virá logo a Renacemento, no século XIX, en que volverá a ter vixencia a lingua galega na escrita, e xurdirán figuras como **Nicomedes Pastor Díaz**, **Francisco Añón**, **Alberto Camiño** e moitos outros, e logo esa muller extraordinaria, esa poeta universal que foi **Rosalía de Castro**, que co seu libro "Cantares Gallegos" inaugura un camiño ancho para a nosa poesía, para a nosa cultura. Ela, con **Eduardo Pondal** e con **Manuel Curros Enríquez** coroan o noso Renacemento literario ó longo do século pasado. Foi nese renacer decimonónico que se celebraron os Xogos Florais, os primeiros, na Coruña, que deron lugar ó *Album de la Caridad*, xa mencionado.

A nosa poesía seguiu por bo rumbo, por un camiño ascendente ata os nosos días. Longo sería enumerar poetas, dar nomes de creadores deste século. Abonde coa afirmación de que a poesía lírica galega está hoxe á altura da de calquera outro país de Europa.

Pero Galicia está signada pola emigración. No eido cultural e en moitos outros debemos ter sempre en conta a laboura dos desterrados. ¿Que betanceiro, que galego non tivo ou ten algún familiar na emigración? ¿Que persoa entre os presentes non tivo directa ou indirectamente algún vencello con América?

Pois a esa emigración, e en primeiro lugar ós emigrantes de Betanzos quero adicar estas palabras de lembranza.

Lembranza daqueles betanceiros e betanceiras de Buenos Aires, que tiñan o seu centro de prestixio, a súa asociación, que era unha porta aberta para todos os galegos. Lembranza dos actos culturais e recreativos que alí se facían, coa mesma alegría que todos nós sentimos aquí nestes días de festa. Lembranza das danzas de mariñeiros, da danza das espadas, do coro "Os rumorosos", que dirixía o compositor e director **Carlos López García**, hoxe radicado entre nós.

A emigración ten sido unha sangría para o noso país. Unha riada de xente nosa que se nos foi. Pero temos que dicir tamén que o feito de irse deulle ós galegos un novo horizonte, a necesidade íntima de seguiren sendo eles, de non se perder no balbordo de grandes cidades cosmopolitas, como poden ser Buenos Aires, a Habana, Montevideo ou México, poñamos por caso, procuraron manter a súa identidade. Tomaron conciencia do ser de Galicia, esforzándose por coñecer cada día máis os valores auténticos do país de orixe e por divulgarlos entre propios e alleos.

Ten habido casos verdadeiramente exemplares. Non todos cruzaron o mar para "facen a América". Non todos aspiraban a convertérense en tendeiros e vender metros de 90 centímetros. Casos de mozos labregos que emigraron analfabetos e logo destacaron como dirixentes sindicais, loitadores sociais, homes de combate en ben de causas xustas, nobles, fermosas; que se entregaron ó benfacer na patria nova sen esquecer a orixinaria. E houbo os que afiaron a gubia da palabra, os que lle deron dimensión comunicativa a ideas e sentimentos que viñan de moi lonxe embarullados, latexantes, e colleron feitío no desterro. En resumen, os que se definiron como poetas na emigración. A estes poetas galegos emigrantes tamén quixera eu adicar estas palabras dende este Betanzos noble, ilustre; deste Betanzos da Poesía.

Tanta significación tivo a nosa poesía máis alá do mar, que tamén houbo en América Xogos Florais do Idioma Galego. Os primeiros celebráronse en Buenos Aires o ano 1920. Asistiu o presidente da República Arxentina. E volvéronse a celebrar case medio século despois, en 1968, o 17 de maio, coincidindo co Día das Letras Galegas, que se instituíra cinco anos antes.

O tema da nosa emigración está presente arreo na poesía. Xa **Rosalía de Castro** cantaba:

*Vendéronlle os bois,  
vendéronlle as vacas,  
o pote do caldo  
e a manta da cama.  
Vendéronlle o carro  
e as leiras que tiña;  
deixárono soio  
coa roupa vestida.*

E **Curros Enriquez** di na poesía "Un adiós a Mariquiña":

*Pombiña mensaxeira  
de branca pruma.  
Dilles mimosa,  
que deles apartada  
Galicia chora.*

*Dilles, que prós seus lares  
tornen axiña;  
que sin eles non queren  
pintar as viñas,  
regar os regos  
madurar as castañas  
nos castiñeiros.*

*Dilles que non hai terra  
mellor que a nosa,  
máis ridente paisaxes  
máis frescas sombras...*

Dinos **Ramón Cabanillas**:

*Toxos bravíos do monte  
flores mimosas do val,  
non vos murchedes tristesiros,  
mostrade os cores galáns.*

*É certo que vou pra lonxe,  
pero do vento nas ás,  
voso feiticeiro arume  
comigo vai.*

Moitas citas poderíamos facer de poetas de onte e de hoxe, que abordaron no seu canto o tema da emigración. Poetas como **Lorenzo Varela**, **Celso Emilio Ferreiro**, **Xosé Conde** e outros, mais queremos dar fin a esta escolma, a este pequeno florilexio sobre a emigración, con **Luis Seoane**, poeta roxo, baril, home de moitos oficios e de teimoso facer de cara a Galicia, a quen xustamente se lle adica o próximo Día das Letras Galegas de 1994.

No seu poemario "Fardel de eisiliado", hai poemas clave para entender a nosa emigración. Nun fragmento de "As sociedades" expresa:

*Existe ás portas mesmo de Buenos Aires unha Villa Galicia,  
aínda de casas de latas, de cans vagabundos e vizosos limoeiros,  
onde viven iugoeslavos, italiáns, turcos, xudeos,  
irmandados cos galegos nunha mesma arela de traballadores.  
E aquí hai un Puerto Gallegos e un Río Gallegos, que  
lembra a orixe de moitos mareantes,  
e rúas en cada cidade nomeadas con apelidos galegos,  
e povos entre o pó, no deserto, orballeiros, que se chaman  
Ourense ou Pontevedra.  
E no día de San Xoán alcéndense fogueiras nos arrabaldes,  
e outros días véndense rosquillas polas rúas destas cidades.*

De **Luis Seoane** é tamén o poema titulado ORACION DO ARTISTA QUE VOLTA. Di así:

*Queremos cos ósos da nosa testa  
crocara na túa testa de pedra,  
Mestre Mateo.  
Andívemos polo mundo con medo.  
Aínda temos medo.  
Medo a todo.  
Coma ti, mestre Mateo,  
quixéramos perder ese medo  
ós homes, ós deuses, ás cousas,  
a todo o que non sabemos.  
Solicitar perdón pola nosa obra  
non sabemos a quen.  
Cecais,  
ós deuses, ós homes, ás cousas.*

*Dende moi lonxe vimos camiñando  
para atopar cos ollos  
esta nosa terra.  
Túa e nosa, mestre Mateo.  
Para dar coa nosa testa de ósos  
na túa testa de pedra, e decírlle a esta terra:  
Témoste levado sempre connosco  
ó través do mar e do deserto  
entre homes cobizosos e vagabundos,  
temendo perdernos.*

*Agora que estamos soíos i é tarde  
vimos dende moi lonxe,  
dende as sombras,  
como tantos outros viñeron denantes  
a ofrecerche unicamente,  
terra:*

*a nosa morte,*

*Amén.*

Queridos amigos:

Vimos falando da emigración e da poesía, e é xusto que mencionemos a **Juan García Naveira**, artífice e mecenas desa obra que ten moito de poética que se coñece como "O Pasatempo". En 1893, hai exactamente cen anos, volta García Naveira de Arxentina, e ese mesmo ano comenza a construción dese "capricho", como alguén o chamou. Cúmplese, pois, o centenario do comenzo desa obra, e cúmplense tamén sesenta anos da morte do seu creador.

Poesía é a esencia da palabra, pero é tamén a esencia da vida, é un xeito de vivir, de existir. Quen carece de sentido poético, carece de sentido humano. Hai moito de poesía nos emigrantes que construíron escolas en Galicia, por exemplo, e por eso digo que o Pasatempo é tamén unha obra poética. O xesto romántico dun emigrante que volta a ollada á terra onde naceu.

Diciamos que os primeiros Xogos Florais da Península leváronse a cabo en Barcelona en 1859 (dous anos antes dos da Coruña). E tamén neles tivo que ver a emigración, a nosa emigración, pois foi unha xove emigrante galega asentada en Barcelona quen obtivo o máis alto galardón, a Flor Natural, neses históricos Xogos.

Vivimos hoxe nun mundo moi complicado, moi difícil. Medra o egoísmo nos individuos, a insolidariedade, a ostentación. Medran as ambicións de poder. Algúns países sofren agresións, bloqueos impostos por Estados poderosos e cruéis. Abundan os conflitos de fronteiras, as guerras étnicas; aumenta a produción de armamentos, de máquinas para matar.

Mentres, millóns de homes e mulleres carecen dos máis elementais medios de subsistencia, e millóns de nenos analfabetos e desnutridos, morren de fame e de enfermidades curables.

Anda o mundo necesitado de xusticia, de tolerancia, de solidariedade. Anda necesitado de poesía, no máis cabal sentido desta palabra.

Resulta por tanto alentador que nesta esquina verde europea que é Galicia, Betanzos incluía a poesía nas súas tradicionais festas de agosto. Que cando chega esta pausa no trafegar dun ano enteiro, no medio da alegría, da recreación, da música e da danza que amosan a vitalidade dun pobo, haxa tamén un espazo para a palabra no máis elevado nivel de comunicación humana.

Noraboa ós que programan e patrocinan este evento. Por enriba de todos os contratemplos e incompreensións, mentres haxa actividades como esta a cultura galega estará a salvo. Galicia vivirá. E todos seremos máis plenos, máis nós, máis universais.

E o Betanzos dos cabaleiros e das donas seguirá sendo tamén o Betanzos da cultura, o Betanzos da palabra que non esmorece.

Mentres haxa auga no Mandeo e alegría de vivir no pobo betanceiro, haberá poesía en Betanzos.

*Moitas gracias.*

*Xogos Florais de Betanzos  
17 de agosto de 1993.*